

DECISION TO LEAVE

Park Chan-wook, 2022

1058

ESTREA EN NUMAX: 20.01.2022 | V.O.S.E. | +16 | 138 min

Hae-Joon, un veterano detective, investiga a sospeitosa morte dun home na cima dunha montaña. De seguida comezará a sospeitar de Sore, a muller do defunto, mentres a atracción que sente por ela o desestabilizará.

«Un thriller romántico entre a exaltación e a febre»

Luis Martínez, EL MUNDO



Un filme de emocións fortes, un proceder labiríntico e altas doses de misterio

Por Manu Yáñez

Hai poucos autores de cinema contemporáneo que teñan unha caligrafía fílmica tan precisa e florida como a do surcoreano Park Chan-wook. Os seus filmes preséntanse como exercicios barrocos nos que cada escena devén unha avalancha de xiros imaxinativos: cambios de perspectiva, saltos de eixo, transicións coloristas, transicións do marco ao micro... O cine de Park herda a paixón polo artificio de Brian De Palma, aínda que ao coreano non lle interesa demasiado reflexionar en voz alta sobre os mecanismos do cinema: o corazón da súa arte está na disección dos xogos de poder que estalan entre os seus personaxes, que lle serven de plataforma para construír prodixiosos exercicios de estilo. Así ocorre en *Decision to leave*, filme no que Park entra nas turbias augas do drama romántico para compoñer a súa particular homenaxe, voluntaria ou inconsciente, a *Vertice* (Alfred Hitchcock, 1959).

A trama resultarlles recoñecible aos amantes do film noir. Un alto mando da policía recibe o encargo de investigar a misteriosa morte dun home adineirado. A esposa da vítima, interpretada pola protagonista de *Desexo, perigo* (Ang Lee, 2007) e *Longa viaxe cara a noite* (Bi Gan, 2018), Tang Wei, perfílase como posible sospeitosa. Pero o desexo amoroso interponse na indagación, que se vai convertendo, progresivamente, nunha fogueira de tensión romántica non resolta. Park dá renda solta á exuberancia do seu cinema xogando co espazo (a cámara sobe e baixa polo precipicio polo que caeu a vítima) e o tempo (para descubrir o misterio criminal, o filme articula unha pirueta temporal).

Aínda que en *Decision to Leave* Park toma certa distancia respecto ao relato de vinganza, a idea do mal apodérase dun filme que, a nivel moral, se empapa da escuridade nocturna e gris dos ceos nubrados. Como nunca antes, Park parece involucrarse afectivamente cos seus protagonistas, sobre todo cun policía que ve obstruídos os seus anhelos románticos por culpa da súa ética profesional. Neste sentido, sería posible trazar unha analogía entre a figura do policía e a do propio Park, quen demostra un forte interese por dotar de fondura emocional a súa historia de amor tráxico (lonxe queda o sinistro moralismo da súa triloxía da vinganza). Porén, igual que o seu protagonista, o cineasta extravía o seu camiño por culpa da súa particular ética fílmica, comprometida, ante todo, coa idea de traxe e a impureza. Park non ten suficiente con afondar no mar de dúbidas e angustias que inqueda o protagonista (un magnífico Park Hae-Il) e decide interromper o drama, de forma repetida, para inxectar pinceladas de buddy cop movie, de thriller e de traxicomedia matrimonial. Algo parecido ocorre en materia de posta en escena. Cando o filme parece reclamar un certo sosego intimista, Park non puido evitar arremuiñar a acción con piruetas escénicas e saltos no tempo, cara diante ou atrás. Así toma forma un filme de emocións fortes, un proceder labiríntico e altas doses de misterio. Sen dúbida, unha das mellores obras do seu autor.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Oldboy,
Park Chan-wook.
Mediatres [DVD]

La doncella,
Park Chan-wook.
La Aventura Audiovisual [DVD]